



Sandiás

Anuncio

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio do Regulamento regulador da Xunta de Portavoces, cuxo texto íntegro publicase, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

"Acordo:

Primeiro.- Crear a Xunta de Portavoces coa regulación contida na ordenanza que se acompaña.

Segundo.- Aprobar inicialmente o Regulamento da Xunta de Portavoces.

Terceiro.- Expoñer ao público este acordo de aprobación inicial no taboleiro de anuncios do concello durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Dito anuncio de exposición será publicado, así mesmo, no Boletín Oficial da Provincia, contándose o devandito prazo de 30 días a partir do día seguinte ao desta publicación.

Cuarto.- No caso de non presentarse reclamacións, enténdese definitivamente adoptado o presente acordo, debendo de cumprirse o trámite da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Anexo

Reglamento Regulador da Xunta de Portavoces

Artigo 1. Natureza xurídica

A Xunta de Portavoces, integrada polos concelleiros portavoces dos distintos grupos municipais, é un órgano complementario, de carácter consultivo e de colaboración.

Artigo 2. Reunións da Xunta de Portavoces

As reunións da Xunta de Portavoces serán convocadas e presididas polo alcalde ou tenente de alcalde en quen este delegue, e celebraranse con carácter ordinario antes de cada sesión plenaria, co fin de axilizar e ordenar o desenvolvemento das mesmas.

Convocarase reunión extraordinaria da Xunta de Portavoces, a petición do alcalde ou tenente de alcalde en quen este delegue, e sempre que o soliciten un grupo municipal.

Artigo 3. Convocatoria e realización da sesión

Entre a convocatoria e a realización da sesión deberán transcorrer, polo menos, vinte e catro horas. A convocatoria poderá efectuarse telefonicamente ou por correo electrónico.

A realización da Xunta de Portavoces terá lugar no prazo máximo de 5 días dende a presentación da súa solicitude.

Artigo 4. Acordos da Xunta de Portavoces

Os acordos da Xunta de Portavoces acordáranse por unanimidade dos presentes.

Ao ser a Xunta de Portavoces un órgano de carácter consultivo, as decisións adoptadas non teñen o carácter de resolucións con forza de obrigar.

Artigo 5. Acta das reunións

Das reunións da Xunta de Portavoces levantarase acta sucinta polo secretario do concello ou funcionario en quen delegue.

Artigo 6. Funcións

Corresponde á Xunta de Portavoces:

- Debater a orde do día das sesións ordinarias do Pleno.
- Propoñer calquera asunto relativo ao desenvolvemento das sesións plenarias.
- Propoñer mocións ao Pleno cando sexan formalizadas pola totalidade dos seus membros.

- Difundir entre todos os concelleiros as informacións que a Alcaldía lles proporcione e, así mesmo, servir de canle para as peticións que se formulen polos concelleiros.

- Sinalar as persoas que deben representar ao concello nos casos en que este debe estar representado institucionalmente noutros organismos.

Artigo 7. Réxime supletorio

No non regulado no presente Regulamento da Xunta de Portavoces estarase ao disposto na lexislación de réxime local.

Disposición final única

Este Regulamento, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión realizada na data 30.01.2017, entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade cos artigos 65.2 e 70.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este acordo, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Sandiás, 24 de marzo de 2017. O alcalde.

Asdo.: Felipe Traveso García.

Anuncio

Al no presentarse reclamaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el acuerdo plenario inicial aprobatorio del Reglamento Regulador de la Junta de Portavoces, cuyo texto íntegro se publica, para su general conocimiento y en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

"Acuerdo:

Primero.- Crear la Junta de Portavoces con la regulación contenida en la ordenanza que se acompaña.

Segundo.- Aprobar inicialmente el Reglamento de la Junta de Portavoces.

Terceiro.- Exponer al público el presente acuerdo de aprobación inicial en el tablón de anuncios del ayuntamiento durante un plazo de treinta días, dentro de los cuales los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas. Dicho anuncio de exposición será publicado, asimismo, en el Boletín Oficial de la Provincia, contándose el dicho plazo de 30 días a partir del día siguiente al de esta publicación.

Cuarto.- En el caso de no presentarse reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el presente acuerdo, debiendo de cumplirse el trámite de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia.

Anexo

Reglamento Regulador de la Junta de Portavoces

Artículo 1. Naturaleza jurídica

La Junta de Portavoces, integrada por los concejales portavoces de los distintos grupos municipales, es un órgano complementario, de carácter consultivo y de colaboración.

Artículo 2. Reuniones de la Junta de Portavoces

Las reuniones de la Junta de Portavoces serán convocadas y presididas por el alcalde o teniente de alcalde en quien este delegue, y se celebrarán con carácter ordinario antes de cada